

## O casco histórico de Betanzos: análise da realidade constructiva actual

JOSÉ MANUEL VAZQUEZ MOSQUERA\*

### Sumario

A conservación da cidade histórica, que coma un palimpsesto reflicte as necesidades e as aspiracións da sociedade que en cada época a construíu, é un acto de respecto a unha herdanza e a uns principios e valores.

### Abstract

The conservation of the historic city, which as a palimpsest reflects the necessities and aspirations of the society as it was at the time of construction, is an act of respect of the heritage and its principles and values.

### CENTRO HISTÓRICO DE BETANZOS

Pensar que o deterioro perceptible, hoxe en día, do Centro Histórico de Betanzos é só un problema do seu tecido construído é un erro.

É necesario comprender que o tecido edificado que lle dá sentido, é consecuencia dunha realidade máis ampla. Como materialidade aparente da cidade, a súa arquitectura é o reflexo das condicións socioculturais, económicas e tamén políticas. A cidade é un «organismo vivo» que evolucione e revela, na súa arquitectura e no seu uso, os cambios, os momentos históricos e as capacidades técnicas da sociedade de cada época.

Por outra banda, á hora de definir a cidade histórica, débemola considerar constituída polo centro histórico (declarado Conxunto Histórico-artístico en 1970), pero tamén pola cidade que o arrodea e que se construíu á par, polos espazos de actividade (vinculados maioritariamente á agricultura e ó comercio), os de mercado, polos camiños, estruturantes do conxunto, e polos ríos que, ademais de organizar o espazo agrario, son un medio de

---

\* José Manuel Vázquez Mosquera, betanceiro é arquitecto e profesor na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña.



*Plano interpretativo de Betanzos, 1999.  
Autor: José Manuel Vázquez Mosquera©.*



*Rúa do Castro.*

transporte e de mobilidade que inflúen no conxunto urbano e un grande potencial territorial e de futuro.

Unha lectura de feitos culturais/arquitectónicos presentes na cidade histórica, e que se poden detectar actualmente, axúdannos a entender a realidade visible, a evolución histórico-social e definen o punto de partida para a súa análise/compreensión:

Betanzos, desde a orixe, colonizou un espacio singular/referencial (castro de Unta) e un territorio/entorno agrario de gran riqueza. Como no resto de Galicia, nesta poboación conviviron, en distintas épocas, distintos pobos, gremios e clases sociais, complementándose e compartindo espacio e cultura, que foron deixando vestixios na construción de edificios e espacios público/colectivos ó longo do tempo. Así, agri-



*Desde a Porta da Vila.*



*Praza da Constitución.*



*Rúa Nova.*




*Praza da Constitución.*

cultores, mariñeiros, comerciantes, artesáns, burgueses, nobres, xudeos... xente de igrexa, mecenas... contribuíron, na súa medida, á formación da cidade e, aínda hoxe, recoñécense nela o que cadaquén aportou.

Os agricultores e mareantes (mariñeiros que en determinadas épocas se adicaban a labores agrícolas), aportaron un tipo de casa caracterizada por dispoñer de dúas plantas: a baixa (onde se gardaban os apeiros), a voltas con soportais, e a alta, habitualmente, con balcón (como un hórreo) (Erias, 1982).

Tamén se lles debe a organización agraria, camiños, sistema de rega e, sobre todo, unha nova relación co río, xa que aproveitaban os ciclos da marea (de aí o seu nome) para transportar os materiais no barco. Subliñar que os mariñeiros fixeron deste fondo de ría un porto importante, descubriron un potencial ó que non se lle prestou, aínda, a atención que merece.

Os comerciantes (ó pormenor e tendeiros, basicamente), algúns chegados dende «outras terras», souberon sacarlle partido ó enclave, tanto para a venda dos produtos



*Rúa dos Ferreiros.*



*Rúa Travesa.*



*Rúa dos Prateiros.*

locais, como para facer deste lugar un punto de referencia comercial e de mercado. A 1ª feira foi concedida por Sancho IV (século XIII), logo unha feira «franca» no século XV (permitía a venda libre e troco durante un mes, protección ós feirantes...). A arquitectura asociada é a «casa gótica mercantil». Recoñécese por dispor de baixos comerciais con «trastenda», peza que se relacionaba cun patio traseiro alleo ó público (con paso polo interior das illas/mazás, hoxe desaparecidos) e na planta alta a vivenda do comerciante. Esta arquitectura define a imaxe dalgunhas rúas do casco e dos seus arredores. Os espazos para as feiras e mercados mestúranse e a voltas organizan o tecido urbano.

Os artesáns (panadeiros, xoieiros, latoeiros, sombreireiros, albardeiros...), crearon gremios que xeraron barrios e/ou rúas propias na cidade. Localizáronse «intramuros» e adoptaron a tipoloxía constructiva dos comerciantes.

Os nobres, dende a Alta Idade Media déronlle, coa construción das súas casas e pazos urbanos, calidade o tecido edificado. Recoñécese as súas obras polos materiais, a tecnoloxía empregada e polo tamaño do solar ocupado. O acabado en pedra labrada dos ocos, remates, esquinas... serviron de modelo para outras edificacións que copiaban materiais e técnica.



*Rúa do Valdoncel.*



*Soportais da Rúa dos Ferradores.*

A igrexa, sempre presente de xeito destacado nas comunidades agrícolas, destaca aquí, pois tres dos templos máis significativos do románico tardío galego atópanse nesta cidade: o convento de San Francisco (do que só queda o templo), e as igrexas de Sta María e de Santiago. Construídas no derradeiro tercio do século XIV, e probablemente polos mesmos gremios e albaneis (repetición de motivos relixiosos, o mesmo xeito de facer os relevos, similar estilo arquitectónico...) constitúen un conxunto monumental único, que destaca sobre o tecido residencial. Sta María e Santiago, por ser parroquias, organizaron



*Rúa do Valdoncel.*



*Soportais da Fonte de Unta.*



*Rúa da Cañota.*





*Hortas do Mandeo.*



*Hortas do Mandeo.*



*Rúa da Cruz Verde.*



*Rúa da Cerca.*

tamén o barrio/entorno e a súa rivalidade foi motivo de disputas (coa conseguinte duplicidade do oficios e mercado). Completando este conxunto, aparecen «extramuros» as ordes mendicantes, ademais de San Francisco, Santo Domingo. Logo tamén as Agustinas Recoletas que, xunto ca igrexa de San Roque, ordenaban os bordes da cidade.

A burguesía que se implanta a finais do século XVII, a imitación das sociedades europeas ás que copiaban, introduciu novas edificacións: liceo, teatro, biblioteca, cafés... rincóns de estancia, paseos, ocio (cantóns, soportais...) e un xeito de vivir, costumes, que se arraigaron na poboación afectándoa nos hábitos e tradicións. Aportaron ás casas (novas ou ampliadas) desta época, a galería como elemento distintivo, ollando ós lugares de paseo soleados. As edificacións singulares (liceo, teatro) levaban aparelladas espazos libres complementarios que lles daban aparencia «institucional» e son referentes no conxunto urbano.

Especial mención merecen no Betanzos de finais do XIX, os mecenas, os intelectuais e os «intelixentes de obras». Os primeiros, promovendo e costeando obras relevantes e de gran contido social, parque enciclopédico, hospital, asilo, escolas (a principios do século XX, non había nesta cidade analfabetos), lavadeiro público... de importancia arquitectónica e social para a cidade e o seu entorno. Ós intelectuais débese a existencia de periódicos (*El Censor, La Libertad, Las Mariñas, Las Riberas del Mendo, El Mendo, El Pueblo, El Progreso, Otro Pueblo, La Aspiración, La Defensa, Nueva Era...* e outros, importantes para a creación de pensamento e discusión), biblioteca, museo e a loita por obter o FFCC e infraestruturas públicas. Os «intelixentes de obras» (Erias/Veiga, AB2003, AB2006) como encargados de informar, dirixir e deseñar, elementos, trazados, aliñacións, controlar obreiros públicos e obras particulares, deixaron o seu sinal en moitas partes da cidade.



*Rúa Travesa..*



*Rúa da Fonte de Unta.*

Con este breve repaso pola realidade que atopamos, quérese sinalar que a cidade que coñecemos/herdamos é froito da sociedade, da súa capacidade tecnolóxica e das súas aspiracións, en todos e cada un dos momentos históricos.

Deste xeito, ámbito (lugar), momento histórico (tempo/sociedade) e arquitectura (feito cultural) deben estar conxuntamente presentes na análise (obxectivos), no estudio (diagnose) e nas posibles propostas (actuacións).

Por outra banda, debemos sinalar que o que distingue Betanzos, ademais da súa especial localización, é a mestura de tipos constructivos na materialización do seu tecido edificado. A convivencia, a complementariedade e o contraste, singularizan os espazos que se viven e usan con intensidade. Ó que debemos engadir a importancia do tecido agrario que rodea ó núcleo e que lle serve de horizonte. Este paisaxe agrario aparece, cando as edificacións permiten a máis pequena «regandixa», como pano de fondo, que se reflicta nelas mesmas, nos seus balcóns e nas súas galerías.

É o conxunto formado polo enclave, a súa arquitectura, o «campo» e a sociedade o que mantén a Betanzos coma lugar singular e recoñecido.

Son, nembargantes, as transformacións no mundo agrario e mercantil, a aparición de novas necesidades, novos costumes e xeitos de habitar, os cambios sociais e a falla de previsión das autoridades, o que está influíndo nos cambios que están ocorrendo no centro histórico:

- O coche, e a súa integración no noso hábito de vida, que fai que a poboación se traslade a zonas de menor valor urbano pero que ofrecen servizos hoxe esixidos.
- As condicións de habitabilidade esixible ás vivendas.
- Os novos xeitos de mercado, os centros comerciais próximos e de fácil acceso.



*Rúa da Ribeira.*

- A transformación da actividade agraria.
- O envellecemento da poboación.
- As herdanzas, xeralmente confusas, que dificultan a responsabilidade patrimonial.
- O esquecemento dos gobernantes.
- A falla de aplicación das normativas que permiten o abandono/deterioro/destrución do patrimonio.
- O envellecemento das edificacións e a carencia de conservación das mesmas.

Este conxunto de motivos que afectan illada ou conxuntamente, fai que o tecido mostre certos síntomas:

- Deterioro e abandono de/en edificacións (canalóns, fiestras, muros...).
- Destrución de edificios significativos/representativos.
- Actuacións fóra de «escala», de altura de volume, inacabadas, mal rematadas.
- Infrautilización de edificios colectivo/públicos (mercado...).
- Reutilización inadeuada de espazos e edificacións.
- Abandono de baixos comerciais e vivendas.
- Desaparición de poboación nativa e aparición de inmigración e marxinalidade.
- Case inexistente implantación de negocios e vivenda novos.

Unidos á inexistencia dun plan de mobilidade e un desacertado plan peonil, fan que o centro histórico presente un aspecto indeseado.

As posibilidades e recomendacións para intervir deberían saír do estudio e adaptación das experiencias xa realizadas satisfactoriamente en conxuntos históricos recoñecidos e das teorías que delas emanaron: Bolonia, Santiago de Compostela, Valencia... Unha pista moi importante é a integración do centro histórico na estrutura urbanística territorial; por iso a actuación na cidade histórica non pode ser abordada de xeito illado, debe incluírse na idea global da cidade, do que se desprende:

- A necesidade dun **Plan Global de «conservación activa»** que sirva de marco institucional



*Arriba, Porta da Ponte Nova.  
Abaixo, Rúa dos Prateiros.*

de defensa do imaxinario cultural, que procure o equilibrio entre as esixencias do progreso e a salvagarda dos valores ambientais. Que conteña:

- Un **programa de restauración** que abrangue todo o conxunto do tecido histórico (importancia da delimitación), que á vez distinga as particularidades dos distintos ámbitos que o compoñen (ocupación, estado, uso...).

- Que inclúa, o dito programa, unha **proposta socio-política de integración para as distintas capas sociais**, con especial interese polos grupos vulnerables.

- Que aporte unha **reorganización urbana**, con desenrolo de equipamentos e servizos colectivos.

- Que a conservación física do existente permita novas operacións urbanas.

- Que fixe **obxectivos e estratexias** (mobilidade, comerciais, equipamentos...) **que xeren emprego** e eviten conflitos sociais.

- Que incorpore **Plans pormenorizados e executables que unan propostas urbanísticas coas arquitectónicas e de protección do patrimonio**.

#### **Especificidade do proceso de análise:**

- Relación técnica urbana-política (xestión e control).

- Lectura da relación teórico- morfolóxica da cidade (tipoloxía/estrutura).





Actuacións concretas:

- «Conservación activa» de zoas de vivenda.
- Restauración conservativa/planificación.
- Resolución de medianeiras e lugares específicos.
- Programa amplo de servicios e equipamentos públicos.
- Focos de agregación/referencia simbólica.
- Usos híbridos
- Fluxos de actividade.
- Recuperación do sistema de espacios verdes e áreas libres.
- Obxectivo social.
- Plan de mobilidade con especial atención ó coche individual.

**Particular e especificamente:**

No que se refire ó Plan de Vivenda, este debería considerar:

-A expropiación do chan e inmobles para aloxamento, que facilite a intervención, tanto da administración como de inversións privadas. Valorando a posibilidade alternativa, fronte á expropiación, de sistemas de autoxestión cooperativa con desenrolo de convenios coas propiedades privadas.

-A recalificación de vivendas co desenrolo simultáneo de restaurantes, garderías, pensións, hostais, librerías... que enriquezan o tecido urbano.

-A conversión de vivendas en usufructo a cooperativas de propiedade indivisa, mantendo a parcelación e a trama urbana.



Foto aérea de Betanzos, 1957. AMB.

-A incorporación da iniciativa privada, facilitando o desenvolvemento da economía local asociada ó proceso de rehabilitación.

A restauración debería proceder dunha revisión da organización interna/externa de cada illa/mazá, apoiada na análise histórica-morfolóxica de cada unha, que mostre as diferencias e particularidades propias, para actuar:

- Recuperando elementos de organización orixinais.
- Articulando novos usos (café, oficinas, librerías) con vivendas para colectivos específicos (mozos, estudantes, maiores, familias, parellas...)
- Recompoñendo o sistema interior das illas/mazás con servizos e equipamentos situados nas plantas baixas, que permitan o acceso ó interior das mesmas.
- Intervindo co emprego de «técnicas pobres», tradicionais, con empresas pequenas e recuperando e formando profesionais.

A xestión e control é probable que esixa a creación dun ente administrativo que facilite e permita:

- A reutilización, revitalización/revisión funcional e xestión racional do espazo construído existente, mediante programas e profesionais (xestores culturais...).
- O desenvolvemento de actividades económicas estratéxicas e participación cidadán.
- O aproveitamento da potencialidade económica do centro histórico, con aproveitamento das características do asentamento (ríos).
- Actuacións de índole urbanística/arquitectónica/económica/social.
- A intervención de fundacións e mecenado, independentes ou combinadas coa xestión pública.

Como conclusión:

**Intervir no centro histórico debe ser, en principio, unha actuación embrionaria que sirva de base para un proceso global de renovación do conxunto da cidade.**

## BIBLIOGRAFÍA

- BUNIEL DE ORUETA, Eugenio Luis de, 2000, «Claves de la rehabilitación urbana -el caso del centro histórico de Valencia-». Cuadernos de Geografía, nº 67-68.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, 1982, «La casa popular en Betanzos». *El Ideal Gallego*, 14-VIII.
- AB2000, «Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)». *Anuario Brigantino* 2000.
- ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo e VEIGA FERREIRA, José María. AB2003, AB2006, «Francisco Javier Martínez Santiso (I): «inteligente de obras» e «Francisco Javier Martínez Santiso (II): «inteligente de obras» e artista». *Anuario Brigantino* 2003 e 2006.
- POL, Francisco, 1978, «Bologna, una experiencia de apropiación colectiva del centro histórico». *Arquitectura*, nº 212.
- TROITIÑO VINUEZA, M. Angel, 1991, «Centro histórico, intervención urbanística y análisis urbano». *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, nº 11.